



María Sieira Ríos, secretaria do Tribunal Avaliador do proceso selectivo para a formación dunha BOLSA DE EMPREGO para a contratación laboral temporal dun/dunha PROFESOR/A DE MÚSICA, na especialidade de GUITARRA, para o Conservatorio de Música Profesional do Concello de Ribeira,

CERTIFICA: Que, por unanimidade dos membros presentes do Tribunal constituído ás 10:00 horas do día 22/12/2020, acordouse o que a continuación se transcribe literalmente recollido na “ACTA NÚMERO 3.- RESOLUCIÓN DA RECLAMACIÓN Á FASE DO CONCURSO DE MÉRITOS INTERPOSTA POR ANDRÉS VÁZQUEZ ROMERO.”

(...)

Estudada a referida reclamación polo Tribunal Avaliador, este, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda:

Primeiro.- Desestimar a reclamación interposta por Andrés Vázquez Romero, en base aos seguintes motivos:

1.- Segundo as bases da convocatoria, na fase de concurso de méritos valorarase a experiencia profesional (ata un máximo de 6 puntos), da seguinte maneira: polos servizos prestados como profesor/a de música na especialidade obxecto da convocatoria (isto é como profesor de guitarra), a razón de 0,20 puntos por mes de servizo completo ou fracción superior aos 15 días.

Co fin de acreditar o devandito mérito, o Sr. Vázquez Romero achega dúas notificacións de fin de contrato da empresa “Automúsica S.L.”, nas que constan os seguintes datos: o posto de traballo desempeñado, que é o de profesor adxunto (non se especifica que fora como profesor de guitarra), e a duración dos contratos: do 25/09/2018 ata o 30/06/2019, e desde o 23/09/2019 ata o 30/06/2020.

A estes efectos, o Tribunal Avaliador, decide establecer un criterio único de valoración para todos os/as opositores e, ante a falta de concreción de datos nalgúns documentos que se achegan polos/as aspirantes para acreditar a experiencia profesional, opta por acudir ó informe de vida laboral (documento cuxa presentación ten carácter obrigatorio para a valoración da experiencia profesional) co fin de coñecer de maneira exacta o tempo traballado polos/as aspirantes. A este respecto, decídese sumar os días traballados daqueles contratos nos que se acredite o traballo como profesor/a de guitarra, dividilos por 30 (duración xeral de días que ten un mes), e o resultado multiplícalo por 0,20, entendendo que con esta operación a valoración que se realice é favorable os/as aspirantes por canto se teñen en conta todos os contratos acreditados, incluso aqueles cuxa duración non supera a fracción dos 15 días.

Así as cousas, consta no Informe de Vida Laboral do Sr. Vázquez Romero en relación cos contratos acreditados como profesor adxunto na empresa “Automúsica S.L.”, un total de 297 días (148 + 149), que dividido por 30, da un resultado de 9,9, que multiplicado por 0,20, da como resultado 1,98 puntos. Polo que entende este Tribunal que, a puntuación outorgada na fase de concurso de méritos ó Sr. Vázquez Romero é correcta.

Segundo.- Que se publique no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello de Ribeira e na súa páxina web oficial (www.ribeira.gal) a resolución das reclamacións presentadas.





Terceiro.- Ratificar as puntuacións outorgadas na fase de concurso de méritos.

Cuarto.- Ratificar a CUALIFICACIÓN TOTAL FINAL que quedaría tal e como se dispón a continuación:

Nº	Aspirante	Fase de concurso	Fase de oposición	Puntuación total
1	Currás Pico Antonio Luis	8	20	28
2	Gómez Silva Carmen	0	29	29
3	Vázquez Romero Andrés	1,98	23	24,98

Quinto.- Ratificar a formación da BOLSA DE EMPREGO, por orde decrecente da puntuación total final, que estará determinada pola suma dos puntos obtidos nas distintas fases do proceso selectivo:

Nº	Aspirante	Fase de concurso	Fase de oposición	Puntuación total
1	Carmen Gómez Silva	0	29	29
2	Antonio Luis Currás Pico	8	20	28
3	Andrés Vázquez Romero	1,98	23	24,98

Sexto.- De acordo co disposto no artigo 121.1 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, contra os acordos do tribunal cualificador cabe interpor recurso de alzada perante o Sr. Alcalde-Presidente, como órgano que nomea ao presidente do tribunal, sen prexuízo de calquera outro que se estime conveniente. O prazo será dun mes a partir do día seguinte ó da publicación do presente acordo no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial do Concello de Ribeira, sito na Praza do Concello, nº 1.

En Ribeira, á data da sinatura dixital que figura ó pé deste documento. A secretaria do tribunal avaliador, María Sieira Ríos.

